



**ACTA DE APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA MESA EN DATA 03/07/2024, SUBSANACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, ADMISIÓN DOS LICITADORES REQUIRIDOS E REQUIRIMENTO Á OFICINA TÉCNICA DE ARQUITECTURA E PLANEAMENTO (OTAP) PARA INFORME.**

**EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: 2023/ABSSUB/000005**

**CONTRATACIÓN DO SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO PARA DIVERSAS DEPENDENCIAS MUNICIPALES EN EL AYUNTAMIENTO DE PONTEVEDRA**

**ACTO:** Proceder á aprobación da acta da sesión da Mesa celebrada en data 03/07/2024, á subsanación da documentación administrativa, á admisión dos licitadores requiridos e ao requirimento á OTAP para informe.

**ÓRGANO QUE SE REÚNE:** Mesa de Contratación.

**DÍA:** 15/07/2024

**LUGAR:** Segundo andar do Edificio Administrativo sito en Michelena 30

**HORA DE INICIO:** 09:41 horas

**HORA DE FIN:** 09:43 horas

No expediente mencionado na parte superior desta acta e no lugar, día e hora indicados, comparecen as persoas que de seguido se relacionan co obxecto de proceder a realización do acto mencionado no expediente de contratación indicado.

**ASISTENTES:**

<b>PRESIDENTE:</b> Concelleiro da área legal e económica	D. Raimundo González Carballo
<b>SECRETARIO:</b>	D. José Francisco González Neira (Xefe do Servizo de Contratación).
<b>VOGAIS:</b>	Dona Blanca Vega Lorenzo (Interventora Xeral Municipal).  D. Xabier Munáiz Alonso (Xefe de Servizo da Asesoría Xurídica en funcións de Asesor Xurídico).  D. Ángel Francisco Velando Rodríguez (Arquitecto Xefe da OTAP).

Aberta a sesión polo Sr. Presidente procédese, como primeiro punto da orde do día, á aprobación, por unanimidade, da acta correspondente á sesión celebrada pola Mesa o 03/07/2024.

A continuación, a secretaría do órgano da conta da documentación administrativa presentada polas empresas ACEROFFICE, S.L. e SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L., tras o requirimento de subsanación efectuado.





Os membros do órgano, logo de estudar a documentación mencionada, por unanimidade, ACORDAN:

Primeiro.- Dar por subsanada a documentación administrativa presentada, e polo tanto admitir aos licitadores ACEROFFICE, S.L. e SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L., a este procedemento de contratación.

Segundo.- Dar traslado das ofertas correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízo de valor para informe da OTAP.

E non tendo máis asuntos que tratar o Sr. Presidente dá por finalizado o acto mencionado anteriormente e levanta a sesión do que eu, como Secretario, dou fe.

